

O procesamento da experiencia social polas novas esferas públicas da produción¹

Oskar Negt e Alexander Kluge

A esfera pública tradicional, da que a característica febleza reside no mecanismo de exclusión entre as esferas privada e pública, está hoxe recoberta por *esferas públicas de produción industrializada*, que tenden a incorporar dominios privados, particularmente o proceso de produción e o contexto da vida.² Estas formas novas parécenlle á xente seren non menos públicas cá esfera pública burguesa tradicional. **Eiquí e no que segue só entendemos a esfera pública a xeito de agregado de fenómenos que teñen características e orixes completamente diversas. A esfera pública non ten substancia homoxénea de tipo ningún.** Consiste sempre só en numerosos elementos que dan a impresión de teren algo en común, mais a realidade é que só se xuntan aparencia. Entón, a esfera pública clásica está orixinalmente enraizada no contexto de vida burgués, mais sepárase deste e do proceso de produción. En contraste, as esferas públicas da produción novas son **expresión directa da esfera da produción.**

1. A esfera pública clásica dos xornais, gabinetes ministeriais, parlamentos, clubs, partidos e asociacións, fúndase nun modo de produción case artesanal.³ Por comparación, a esfera pública industrializada dos ordenadores, os medios de comunicación de masas, o cártel dos medios, os departamentos combinados de relacións públicas e asesoría legal dos conglomerados e os grupos de interese e, finalmente, a propia realidade a xeito de esfera pública transformada pola produción, reserentan un nivel superior e moito máis organizado da produción.⁴

2. A produción de ideoloxía das esferas públicas da produción, que permea a esfera pública clásica e o horizonte de experiencia social, abranxe non só os puros intereses do capital (articulados por medio de grandes grupos de intereses da industria), senón tamén os intereses dos traballadores no proceso de produción na medida en que son absorbidos polo contexto do capital [Kapital zusammenhang]. Representa isto unha conexión complexa entre intereses de produción, intereses vitais e necesidades de lexitimación. Á vista disto, a esfera pública da produción vese obrigada (por unha banda, porque é expresión dun aparello de produción dominante e, por outra banda, por mor dos intereses vitais que se converteron en parte dela) a resolver-la súa contradición xa non só segundo os reflexos do capital. **En troques do mecanismo de exclusión característico da esfera pública, o que caracteriza a esfera pública da produción, que está conectada coa clásica, é a oscilación entre exclusión e incorporación intensificada: as verdadeiras relacións que non poden ser lexitimadas convértense en vítimas dunha esfera non pública deliberadamente manufacturada; as relacións de poder no proceso de produción que non son de seu capaces de seren lexitimadas son inxectadas cos intereses xeneralizados que se fixeron lexitimos e son, logo, presentadas nun contexto de lexitimación. A distinción entre o público e o privado vese substituída pola contradición entre a presión exercida polos intereses de produción e a necesidade de lexitimación.** O contexto do capital vese, logo,

¹ O. Negt e A. Kluge, *Public Sphere of Experience. Analysis of the Bourgeois and Proletarian Public Sphere*. Londres, Verso, 2016, pp.12-18.

²Sobre o concepto de esferas públicas da produción industrializadas (pódese usa-lo singular só na medida en que se diga claramente que esta “esfera pública” sobredeterminante é unha acumulación de numerosas esferas públicas individuais que son tan múltiples e diferentes entre si coma a subdivisión dos propio proceso de produción capitalista):

1. *A esfera pública da produción ten o núcleo na presenza sensual da esfera pública que emana do proceso de produción obxectivo (da sociedade, tal como é)*. Incluída nela está a estrutura organizativa da produción xeral, secomasí en canto “industria a xeito de libro aberto da psicoloxía humana” (Marx), quere dicir, no que foi interiorizado polos seres humanos e o mundo externo (a espacialidade dos complexos bancarios e de aseguradoras, os centros urbanos e as zonas industriais, do mesmo xeito cós procesos de traballo, aprendizaxe e vida cotiá, amais das fábricas e lugares de traballo). Polo feito de que a abraiante obxectividade deste contexto de produción convértese na súa propia ideoloxía, dáse a duplicación da sociedade dende o principio nunha vida “celestial e terrestre”, a bifurcación nun ser comunal político e nun privado (véxase a nota 3 deste capítulo): o resto da propia terra conta a xeito de ceo intelectual. Só dentro desta totalidade pública/non pública xeran as contradicións novos desdobramentos e mecanismos de exclusión.

2. A industria da conciencia (véxanse os capítulos 3, 4 e 5) e tamén o contexto de consumo e publicidade (véxase o capítulo 6, “A Transformación das Mercaderías en Valores de Fantasía”), quere dicir, a produción e distribución que se e aplican á esfera de explotación secundaria (véxase, no capítulo 6, “Explotación primaria e secundaria”) sobrepóñense e conéctanse á esfera pública de produción primaria.

3. O labor da esfera pública dos conglomerados e tamén o das institucións sociais (grupos de interese, partidos políticos, o Estado) forman unha abstracción de esferas públicas de produción individuais e entran na esfera pública da produción a xeito de elemento adicional sobreposto (véxase capítulo 2, “A esfera pública a xeito de Síntese Ilusoria da Totalidade da Sociedade”).

Dentro deste complexo total de esferas públicas de produción industrial, as organizacións laborais tradicionais ou as relacións laborais establecidas polas leis (mesmo algúns compoñentes dos movementos de protesta) forman un ornamento integrado dende o punto de vista da emancipación, mesmo se, dende a perspectiva da non emancipación, son forzas parciais reais e efectivas (cf. a discusión da lexislación laboral que expomos máis adiante). As maneiras e recursos coas que a esfera pública da produción sobredetermina a esfera pública política no sentido clásico (eleccións periódicas, políticos profesionais) poden facer que un se decate, se se pon a pensar, de cómo é patente que a ameaza de creba dunha grande unidade económica coma Krupp ou as minas do val do Ruhr (que son empresas privadas) convértense en cuestións de interese público e forzan a intervención estatal. Sería inconcebible, pomos por caso, que no curso dunhas eleccións ó Bundestag se tomase a decisión de evacua-lo Ruhrgebiet, mentres que un podería imaxinar que a demolición e reconstrución de zonas industriais enteiras (de resultados de procesos e decisións da Comunidade Económica Europea, por exemplo) poderían darse fundándose en cambios reais na esfera pública da produción. Dado que hai interacción entre os elementos todos desta totalidade orgánica, pode acontecer que en casos atípicos tamén as decisións políticas exerzan o efecto dominante; sexa como for, por regra, tamén neste caso o dominio é desencadeado por forzas infraestruturais reais (*Basiskräfte*) coma a dúbida masiva que na actualidade se produce na esfera da produción (cf. o exemplo do referendo popular en Noruega contra a adhesión á Comunidade Económica Europea).

A forma anticipatoria da esfera pública da produción no capitalismo temperán foi a concorrencia de vivendas e facilidades dos servizos sociais cun complexo industrial formado polas fábricas, como era o caso, por exemplo, das fábricas de Krupp. Hoxe a planta desenvólvese paralelamente ás plantas de fábricas individuais nun sentido máis exhaustivo que abranxe a totalidade da produción social. O contrato social que só podería ser finxido pola burguesía revolucionaria prodúcese positivamente dentro de esferas industriais de produción a xeito de internalización da impresión obxectiva da orde social. E sta totalización da esfera pública ten un efecto dual: facer pública a totalidade social e tamén a contratendencia: os esforzos máis extremados para evitar esta publicación en interese do mantemento da propiedade privada.

³ Kurt Tucholsky caracteriza esta situación fundamental cando di que os seguintes eran os elementos necesarios para fundar un partido político durante a República de Weimar: un presidente, un teléfono e unha máquina de escribir.

⁴ O encontro entre estes diferentes niveis da esfera pública darase coma no seguinte exemplo: un fiscal e un secretario han defrontarse a trinta avogados e sesenta expertos en relacións públicas dun grupo de empresas químicas se tentan facer público un incidente de contaminación ambiental.

enriquecido e faise capaz de expansión; en todo caso, ó mesmo tempo, estréitase o espectro de posibles solucións capitalistas ás contradicións. O resultado é un tipo de sociedade en transformación que é dominada por condicións específicas do capital.⁵ **En comparanza coa esfera pública clásica, a esfera pública da produción non parece, logo, ter mecanismo de exclusión que a desprenda do seu fundamento de intereses e a debilite. Sexa como for, en relación co horizonte social de experiencia, a esfera pública clásica e a esfera pública da produción agregadas e engrenadas reiteran mecanismos idénticos.**

3. Se as demandas da esfera pública clásica coinciden coas da esfera pública da produción, a primeira, por norma, véndese. **A pura idealidade da esfera pública burguesa vese eiquí defrontada coa materialidade compacta das novas esferas públicas da produción.** Mesmo dentro das últimas, as demandas que regularmente prevalecen son as que teñen conexión máis directa cos intereses de lucro dos que son capaces de amasar un contexto de vida máis grande dentro delas. As costuras que manteñen xuntas as distintas esferas públicas da produción caracterízanse por teren fisuras e unha chea de contradicións. Inclúen estas a intersección entre a industria da conciencia privada e a televisión pública; entre os medios de comunicación de masas e a prensa, por unha banda, e as actividades das corporacións na esfera pública, pola outra; entre a esfera pública do estado e os monopolios de opinión; entre a esfera pública dos sindicatos e a da patronal^{***}, e outras semellantes. Disimular estas fisuras é a tarefa dunha póla especial da actividade da esfera pública. Isto é necesario porque non hai equilibrio entre as esferas públicas da produción, senón máis ben loita para subsumir unha nas outras.⁶

4. É a función desta esfera pública acumulativa crear acordo, orde e lexitimación. Sexa como for, está subordinada á primacía das relacións de poder que determinan a esfera da produción. **Por tal razón, o labor de lexitimación dentro desta esfera pública pode levarse a cabo e supervisarse só distribuivamente, e só se pode cambiar superficialmente, dado que a súa historia verdadeira acontece de maneira non pública no dominio da produción. Igual ca na esfera pública burguesa clásica, aínda que por razóns diferentes, a estrutura de produción da esfera pública, e a experiencia non pública que está vinculada a ela, sepárase da súa pura imaxe manifestada no aparello de distribución, na esfera pública a xeito de produto acabado, que se experimenta publicamente.**

5. Isto de ningún xeito se ve alterado polo feito de que o estado, en canto suma da esfera pública clásica, inflúe el propio nunha parte significativa do sector por medio das súas intervencións. Todo o contrario: as mesmas regras rexen para a contribución do estado á esfera pública da produción.

6. Todo cambio na estrutura, todo movemento no sistema de lexitimación da esfera pública, abre a posibilidade dunha subsunción formal de seccións da sociedade baixo o control doutras seccións. O feito de que sexa así como a esfera pública funciona en realidade (o feito de que sexa utilizada polos intereses privados, que abofé se enriqueceron eles propios cos intereses dos que están implicados no dominio da produción e que se converteron, logo, en imperativos) fai difícil **incorporar coherentemente experiencia crítica na esfera pública.**

7. Se a función da esfera pública fose plenamente transparente, se correpondese ó ideal burgués temperán da publicidade, non podería, logo, continuar a funcionar desta maneira. **Tal é a razón pola que tódalas subestacións desta esfera pública están organizadas a xeito de reinos arcanos.** A palabra clave “confidencial”, prevén a transferencia de experiencia social dun dominio a outro. Este mecanismo de exclusión é recoñecidamente máis sutil có da burguesía clásica, pero non menos efectivo.

⁵ As aporías que resultan disto son en parte novas e, en parte, continuación das aporías da esfera pública burguesa clásica nun nivel de organización máis alto. Constitutiva da reclamación de dominio de toda esfera pública é a súa habilidade para lexitimar: a orde fundada na lei. En todo caso, unha historia verdadeira da sociedade burguesa tería que asumir-lo feito de que a súa historia foi a historia da violencia, e tamén que esta violencia se produce sempre de novo no proceso de produción. En canto a esfera pública acumula lexitimacións, faise máis forte a xeito de esfera pública, pero tamén ten que se separar ela propia dos intereses de produción que non poden ser lexitimados (faise cada vez máis inadecuada a xeito de esfera pública da produción). Se, por outra banda, introduce intereses máis substantivos no seu contexto de esfera pública, tamén se fai máis forte: faise “vinculante” para compoñentes máis poderosos da sociedade. Porén, se deste xeito fai pública a súa propia existencia, que é precisamente a estrutura contraditoria do proceso de produción, tamén ten tendencia a supera-los seus propios fundamentos e pór en perigo a validez da propiedade privada.

⁶ Entón, a estrutura de servizo público dunha esfera pública da produción coma a televisión, por exemplo, non indica nada a respecto da súa verdadeira capacidade executiva. Por unha banda, a intención declarada nos estatutos dun nivel máis alto de servizo público, “ideal”, leva a efecto unha separación dos intereses de lucro característicos que predominan na sociedade. Esta separación ten un efecto debilitador. Por outra banda, a televisión pública tamén conecta indirectamente cos intereses de lucro dos seus abastecedores e ela propia responde a un tipo particular de abstracción do valor: crea “beneficios de lexitimación”.

8. A rede de normas da esfera pública burguesa está ocupada, sometida, polos intereses de produción masiva nun grao tan alto que se converte nu arsenal que pode ser usado por intereses privados.⁷

9. O rexeitamento do contexto de vida proletario tal como é reiterase na amálgama da esfera pública clásica e da nova esfera pública da produción. Este contexto obtén recoñecemento ⁸na medida en que forma parte, de maneira domesticada, na realización dos intereses de valorización (*Verwertung*). Neste proceso, a forma de expresión da última modifícase: o interese de valorización acomódase ás necesidades reais mais simultaneamente modela as necesidades reais todas de maneira que as poida encaixar no sistema abstracto. A experiencia diaris vese defrontada cun cadro confuso: o contexto da vida convértese claramene en parte da produción e da esfera pública; ó mesmo tempo, é excluído porque non recibe recoñecemento na súa totalidade concreta e a xeito de todo autónomo.

10. Marx di que para o proletariado do século dezanove, a abstracción de todo o que é humano, mesmo da aparencia do humano, logrouse na práctica. As esferas vella e nova da sociedade burguesa só poden responder con paliativos: ofrecen, sen ningún cambio verdadeiro na situación de clase, a aparencia do humano a xeito de produto separado. Tal é o fundamento do pauperismo da industria cultural, que destrúe a experiencia.⁹ Na industria da programación e da conciencia, mais tamén na práctica pública doutras esferas da produción na que se dresprega o poder e se produce a ideoloxía, **a conciencia do traballador** convértese na materia prima e o sitio no que esas esferas públicas se realizan elas propias. Isto non altera o contexto xeral das loitas de clase, senón que as aumenta cun nivel superior e máis opaco. A situación vese, logo, alterada na medida en que esas partes do contexto da vida que ata agora non foran directamente valorizadas polos intereses do capital son agora igualmente preorganizadas pola sociedade. O conteto de vida proletario vése logo fendido en dúas metades. Unha é reabsorbida nas novas esferas públicas da produción e participa no proceso de industrialización; a outra vese descualificada en relación ó marco establecido polos sistemas de produción e a esfera pública da produción que determina a sociedade. Abofé que o contexto de vida proletario non perde en si o seu valor de experiencia; en todo caso, a experiencia que nel se dá con trabazón propia preséntase a maneira de “incomprensible” en termos de comunicación social: ó cabo, convértese en experiencia privada. O resultado é que estes dominios que remiten a actividades humanas que non son directamte necesarias para o proceso de produción e a subestrutura de lexitimación fican suxeitos a un empobrecemento organziado. Ó mesmo tempo, a actividade da esfera pública, a produción de ideoloxía e a “xestión” da vida cotiá (particularmente a última, na forma de programas de lecer e conciencia pluralisticamente equilibrados) aprópianse do **desexo dunha vida con sentido que é propio dos seres humanos, igual ca de partes da súa conciencia a xeito de materia prima**, por causa de erixir unha fachada industrializada de programación e lexitimación. A experiencia xenuína esgázase en dúas partes que, en termos de clase, están opostas.

⁷ Pode falarse eiqú dunha rede de normas no sentido de que as normas se desvinculan do seu contexto histórico orixinal. Desta forma formalmente insubstancial, son tomadas polos intereses máis fortes do capital e decote voltas precisamente contra as reclamacións que se ateen ó contido histórico orixinal desas normas. Entón, por exemplo, o dereito constitucional da *liberdade de prensa*, que supostamente defende unha prensa crítica independente fundada na pluralidade de opinións contra o estado absoluto, enténdeo agora o conglomerado Springer de tal maneira que produce precisamente a propia produción de intereses deste conglomerado que destrúe a pluralidade da opinión. A explotación do contexto de normas públicas historicamente desenvolto que aquí se describe xa se podía atopar na esfera pública clásica, mais acentúase na fase da esfera pública da produción. Ó tempo, coma agora, o sistema de normas publicamente sancionadas amósase, por intereses de lucro, a xeito de segunda natureza á espera da súa explotación. As normas dan produtos para ser explotados coma as árbores dan froitas. Canto máis abstracto é o nivel, máis froitoso e menos transparente é. No nivel abstracto da *economía mundial*, as normas do sistema monetario mundial están en primeiro plano. O máis forte dos intereses do capital (o capital estadounidense) disfruta eiqú dos chamados dereitos de retirada especiais do sistema monetario internacional, mentres que eses mesmos dereitos non rexen para os países en desenvolvemento. Toda regulación do *Mercado Común Europeo* contén no mesmo sentido estándares que forman a estrutura de sectores enteiros para que se adecúen ós intereses dos grandes aparellos da produción. No nivel nacional, hai determinacións de seguridade, supervisión e censura que se se estableceron orixinalmente para protexe-lo interese común, pero que, sexa como for, se reinterpretan en conexión cos intereses dos conglomerados e mecanismos para elimina-la competición. Sería, logo, posible, suplanta-la entrada en competición de Volkswagen en Estados Unidos de América en 1975 coa axuda de regulacións de seguridade para a produción de automóviles.

A explotación máis consecuente do estándar público é o chamado *contrato corporativo* que foi a forma típica de organización económica durante o Terceiro Reich. Neste sistema, a estruturación dos sectores económicos que era adecuado ós intereses dos conglomerados realizouse estatutariamente: creáronse institucións mediadas polo estado por medio das cales se levaron a efecto a redistribución de recursos económicos e os contratos legais fundamentais de produción e distribución. Tales contratos corporativos contravirían a prohibición de cártels na esfera privada, mais aínda son posibles na forma estatutaria. Exemplo disto pode se-la *primeira lexislación federal sobre política de medios*, a chamada Lei de Subvención do Cinema. Neste caso, certos intereses do cinema comercial gañan vantaxe da distribución da lexislación entre a federación e os estados individuais a afectos de que o medio económico-cultural unificado do filme ten que recibir apoio económico abstractamente, dado que o goberno federal só ten xurisdición sobre os aspectos económicos do filme. O resultado é o chamado cártel das bágoas, unha lei que só beneficia a certos filmes financiados polos conglomerados, mentres que exclúe producións independentes por seren só de interese cultural. Na Comisión para a Subvención de Filmes que se creou pola Lei de Subvención do Cinema, os representantes do Parlamento federal, das igrexas e das televisións colaboran con certas faccións da industria cinematográfica para que a combinación de de poder público e privado que se desenvolve sexa imposible de supervisar. Característico disto é a confusión das relacións de responsabilidade: en calidade de presidentes desta institución, os membros do parlamento federal (CONTINÚA)

⁸ convértese en representantes dos intereses económicos, estando entón suxeitos ó control dos ministerios que eles, pola súa vez, controlan en calidade de membros do parlamento. Tal absurdo legal non sería posible na esfera pública clásica, porén virou práctica estándar, nomeadamente nas organizacións supranacionais.

⁹ Cf. Jürgen Habermas, “Die Dialektik der Rationalisierung. Vom Pauperism in Produktion und Konsum” in Merkur VIII (1954) p. 701 ss., reimpresso en Arbeit, Erkenntnis. Fortschritt (Amsterdam: 1970), p. 7 ss.